



## Concello de Lourenzá

### ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/7	El Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

14 de maio de 2024

**Duración:**

Desde las 11:03 hasta las 12:20

**Lugar:**

Salón de Sesións

**Presidida por:**

ROCIO LOPEZ GARCIA

**Secretario:**

ANA BARREIRO GOMEZ

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
Núm. de identificación	Nome e Apellidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ
34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ
77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA ANTERIOR DE DATA 15/02/2024</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Resolución:

A Señora Alcaldesa pregunta os Señores Concelleiros se teñen algunha obxección que facer o borrador da acta da sesión extraordinaria anterior celebrada o día quince de febreiro de dous mil vinte e catro (15/02/2024) distribuído coa convocatoria.

Neste punto, D<sup>a</sup> Remedios Gallo, concelleira do PP, toma a palabra e dí que todos están dacordo coa redacción, pero que, saíron todos da reunión anterior ao Pleno, coa impresión de que non se pedira subvención. A Alcaldesa aclara que sí, que ela dixera que se pedira e que incluso o Sr. Vidal dixera que se podía pedir despois.

D<sup>a</sup> Remedios Gallo dí que, se enteraron despois cando tiveran a reunión co Sr. Obispo, de que se pedira a subvención.

A señora Alcaldesa somete a votación a súa aprobación e é aprobada pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión.

<b>SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO 2024</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Resolución:

Considerando a publicación da convocatoria para a celebración das Eleccións ao Parlamento Europeo o vindeiro día 09/06/2024, o Pleno do Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

reuniuse as 11:03 horas, en sesión pública, a fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 26 da vixente Lei 5/1985 Orgánica do Réxime Electoral Xeral, de 19 de xuño.

Cumpridas todas as formalidades legais establecidas, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, ACORDA: PRIMEIRO.- Formar as Mesas Electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se sinalan para as vindeiras ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO 2024 a celebrar o día nove de xuño de dous mil vinte e catro, a saber:

Cargo	1er. Apellido	2º Apellido	Nombre	Sección	Mes	Nº Orden Listas
Presidente/a	GASALLA	LASTRA	VERONICA	1	A	303
Presidente/a 1er. Suplente	DIAZ	FIALLEGA	CARLA	1	A	157
Presidente/a 2º Suplente	CENTENO	SANTOS	RICARDO	1	A	129
Presidente/a 3º Suplente	CATALAN	CORTIZO	ALEJANDRA MARIA	1	A	123
Presidente/a 4º Suplente	LOPEZ	VIZCAINO	RAQUEL	1	A	477
1er. Vocal	IRIMIA	FERNANDEZ	JUAN MANUEL	1	A	371
1er. Vocal 1er. Suplente	LOPEZ	FERNANDEZ	MIGUEL ANGEL	1	A	432
1er. Vocal 2º Suplente	CARRIL	CABALEIRO	CLAUDIA	1	A	111
1er. Vocal 3º Suplente	DIAZ	PENA	SUSANA	1	A	173
1er. Vocal 4º Suplente	GONZALEZ	MASEDA	PABLO	1	A	329
2º Vocal	LOPEZ	LOPEZ	VERONICA	1	A	451
2º Vocal 1er.	GONZALEZ	BARRERA	ADRIANA	1	A	319

### Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Suplente	Z	DE LA				
2º Vocal Suplente	2º CRUZ	REMIGIO	MARIA DE LA PAZ	1	A	142
2º Vocal Suplente	3º GOAS	IRIMIA	IRENE	1	A	309
2º Vocal Suplente	4º IRIMIA	ANDION	MARINA	1	A	368
Presidente/a	OTERO	GOMEZ	XOEL	1	B	71
Presidente/a Suplente	1er. VILLAR	CRECENTE	MARIA ISABEL	1	B	419
Presidente/a Suplente	2º POLO	GONZALEZ	MARCO ANGEL	1	B	135
Presidente/a Suplente	3º RODRIGU EZ	FERREIRA	SILVIA	1	B	235
Presidente/a Suplente	4º VASCOS	SERANTES	ALBERTO	1	B	390
1er. Vocal	REGO	OTERO	RAMON	1	B	177
1er. Vocal Suplente	1er. OLIVA	LOPEZ	BELINDA	1	B	61
1er. Vocal Suplente	2º MARTINEZ	IRIMIA	IVAN	1	B	12
1er. Vocal Suplente	3º PRADO	VALEA	M. DEL CARMEN	1	B	145
1er. Vocal Suplente	4º SALVATIE RRA	SANCHEZ	BENITO	1	B	285
2º Vocal	RODRIGU EZ	LOMBARDI A	JOSE	1	B	243
2º Vocal Suplente	1er. PEREZ	PEREZ	RICARDO	1	B	117
2º Vocal Suplente	2º MARTINEZ	IRIMIA	BORJA	1	B	11

### Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

2º Vocal Suplente	3º	PERTEGA	MASEDA	MARIA CARMEN	1	B	122
2º Vocal Suplente	4º	MOIRON	GARCIA	ANDRES	1	B	40
Presidente/a		LOUREIRO	SANCHEZ	VERONICA	2	A	236
Presidente/a Suplente	1er.	CRUZ	RECALDE	MARIA REYES	2	A	94
Presidente/a Suplente	2º	FERNANDEZ	ANDIA	JOSE MARIA	2	A	131
Presidente/a Suplente	3º	POTES	ARES	SIRA FERNANDA	2	A	312
Presidente/a Suplente	4º	MARTIN	FERNANDEZ	GUILLERMO	2	A	247
1er. Vocal		DA SILVA	BARROS	ADRIAN	2	A	96
1er. Vocal Suplente	1er.	KUMOR	OTERO	LUKRECIA	2	A	209
1er. Vocal Suplente	2º	DIAZ	OTERO	RAMON	2	A	113
1er. Vocal Suplente	3º	GARCIA	DIAZ	NOELIA	2	A	159
1er. Vocal Suplente	4º	BLANCO	GONZALEZ	GUSTAVO ADOLFO	2	A	47
2º Vocal		FERNANDEZ	POSADA	MARIA CARMEN	2	A	139
2º Vocal Suplente	1er.	EDROSA	ROJO	MANUEL	2	A	121
2º Vocal Suplente	2º	MOIRON	OTERO	JOSE RICARDO	2	A	263
2º Vocal Suplente	3º	FRANCO	IGLESIAS	TOMAS	2	A	146
2º Vocal	4º	RODRIGU	BARREIRO	RAQUEL	2	A	381

### Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

Suplente	EZ					
Presidente/a	RIVAS	MOIRON	MARIA BELEN	2	B	235
Presidente/a 1er. Suplente	BOUSO	GONZALEZ	LUCAS	2	B	31
Presidente/a 2º Suplente	FERNAND EZ	VIDAL	MARIA PAZ	2	B	92
Presidente/a 3º Suplente	LUIS DE	IGLESIA	ANDREA	2	B	180
Presidente/a 4º Suplente	IGLESIAS	RIVERA	TANIA	2	B	143
1er. Vocal	RON	ARIAS	MARIA CARMEN	2	B	247
1er. Vocal 1er. Suplente	LUIS DE	TERUELO	BERNARDO	2	B	181
1er. Vocal 2º Suplente	CRUÑA	PIÑEIRO	ELIAS	2	B	55
1er. Vocal 3º Suplente	LORENZO	OURAL	LUIS ENRIQUE	2	B	165
1er. Vocal 4º Suplente	FERNAND EZ	FERNANDEZ	EDITA	2	B	69
2º Vocal	LOPEZ	ALFONSO	RAUL	2	B	151
2º Vocal 1er. Suplente	FERNAND EZ	VARELA	ELENA	2	B	87
2º Vocal 2º Suplente	FERNAND EZ	QUINTAS	LAURA	2	B	82
2º Vocal 3º Suplente	BARREIRA	GARCIA	MARIA REMEDIOS	2	B	18
2º Vocal 4º Suplente	RODRIGU EZ	BARRERA	FRANCISCO JAVIER	2	B	239
<b>DOCUMENTACIÓN REMITIDA AO CONCELLO POLA DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E</b>						

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

### FACENDA EN LUGO EN RELACIÓN COA PETICIÓN REALIZADA POR ESTE CONCELLO DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE A TITULARIDADE DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

#### Resolución:

Neste punto a Sra. Alcaldesa procede a ler a resposta recibida do Ministerio de Facenda en relación co Mosteiro de Lourenzá de data 19 de abril de 2024 que dí literalmente o que a continuación se detalla:

“En resposta al escrito de 8 de marzo de 2024 por el que el Ayuntamiento de Lourenzá solicita información sobre la titularidad del Monasterio de Lourenzá, se emite el siguiente INFORME:

Actualmente, el Monasterio de Lourenzá no está incluido en el Inventario General de Bienes y Derechos del Estado.

Consultada la documentación que obra en el archivo de esta Delegación, hemos encontrado la siguiente información:

En el Inventario general de edificios y solares del Estado en la provincia de Lugo, del año 1931, constaba el Monasterio, con 721m<sup>2</sup> y tres plantas, adquirido por la Junta de Bienes Nacionales. Según este inventario fue cedido, en parte, a la Comunidad de Benedictinos por R.D. de 16 de octubre de 1928.

En el mismo inventario del año 1934 ya no figura el Monasterio. Sí figura un bien con la siguiente descripción: “Escuela mixta, en parte del edificio conocido por Casa del Abad, en el Monasterio de P.P. Benedictinos” y con las siguientes anotaciones: “Comprendida en el citado Monasterio”, “Tres plantas” y “El resto del Monasterio se cedió a la Comunidad por Decreto de 16 de Octubre de 1928”.

En el inventario de mayo 1972 no consta ninguno de los anteriores.

Se adjunta copia parcial de los inventarios de 1931 y 1934.

Fdo. SR. D. Luis Fernando Jácome López, Delegado de Economía y Hacienda de Lugo.

A sra. alcaldesa engade que os concelleiros do PP pedíarais toda esa documentación por escrito, entón era para darvos conta da contestación recibida do Archivo e queda pendente a da Deputación, o informe xurídico.

Esto é dar conta.





## Concello de Lourenzá

O Señores Concelleiros danse por enterados.

<b>DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12/04/2024 DE APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023. EXPTE. 102/2024. PECHE E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>

**Resolución:**

Neste punto A señora Aldesa da conta da Resolución de **APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023** que a continuación se relaciona:

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

Visto o expediente de Liquidación do Orzamento deste Concello correspondente ó exercizo de 2023, tendo en conta o informes emitidos pola Secretaría - Intervención, e en cumprimento do disposto no artigo 191 Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI da Lei citada en materia orzamentaria.

Vista a urxencia na aprobación da liquidación do orzamento para o seu envío os órganos correspondentes e o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia que foi conferida por esta Alcaldía á Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución da Alcaldía de delegación de data 19/07/2023 e a aprobar, LIQUIDACIÓN do Orzamento Municipal deste Concello correspondente ó exercizo de 2023 de acordo co seguinte resume de resultados:

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 66RWXARFOHXZTSSKSSHEHAOSZ  
Corrección: https://concello.concello.es/portal/validacion/66RWXARFOHXZTSSKSSHEHAOSZ  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.espublico | Páxina 8 a 39





## Concello de Lourenzá

### REMANENTE DE TESOURERÍA:

<b>A. (+) Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2023</b>	<b>EUROS</b>
Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente.	350.011,56
Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados.	378.847,05
Dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que non sexan orzamentarios.	4.052,68
<b>DEREITOS PENDENTES DE COBRO:</b>	<b>732.911,29</b>
<b>B. (-) Obrigas pendentes de pago a 31/12/2023</b>	<b>EUROS</b>
Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente.	55.851,30
Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados.	0,00
Obrigas pendentes de pago correspondentes a contas de acredores que non sexan orzamentarios.	75.451,36
<b>OBRIGAS PENDENTES DE PAGO</b>	<b>131.302,66</b>
<b>C. (+) Fondos líquidos a 31/12/2023</b>	<b>1.041.581,51</b>
- Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas. bancarias.	0,00
- Investimentos temporais en que se materializaron os excedentes	0,00

A Sra. Alcaldesa aclara que, o resultado do orzamento é positivo, o remanente de tesouraría tamén é positivo e cumprimos coa estabilidade orzamentaria.

Ábrese debate que a continuación se detalla:

A voceira do BNG, D<sup>a</sup> Belén Fanego dí, ¿Pódenos explicar o estado de remanente de tesorería, as partidas pendentes de aplicación, eses 195.000 de que...?.

A Secretaria engade que, está pendiente dende antes ella chegar.

D<sup>a</sup> Belen dí que, xa, pero de qué.

A Secretaria responde que habería que pedir un informe a contabilidade, para saber ben de onde proceden, en principio eses ingresos pendentes de aplicación deben de vir de ARI, pero non o sei con exactitude, cando eu cheguei xa estaban pendente de aplicación.

A Sra. Fanego continúa decindo que, entón eso implica que van seguir ahí pendentes de aplicación.

A Secretaria dí que a no eso hai que darlles aplicación porque claro pero haberá que ver como está todo.

D<sup>a</sup> Belén pregunta: "-¿E qué prazo hai para darlles aplicación?.





## Concello de Lourenzá

---

Ao que a Sra. Secretaria lle responde: “-Non sabería responder eu encontreime eso ahí e non deu tempo a analizalo é e tampouco mo souperon explicar, eso terán que mirar todo e explicarme de dónde veñen eses ingresos pendentes de aplicación.

A voceira do BNG dí: “É que sinon, témolos ahí no limbo”.

D<sup>a</sup> Belén continúa: “-E nos exercicios cerrados, qué se está a facer para reclamar, o sea, a partir de 4 anos pódense reclamar? Pola vía executiva, entendo, nos exercicios cerrados de dereitos a cobrar de presupostos cerrados”

A Secretaria responde que, haberá que ver de qué anos son os que están pendentes.

A Sra. Fanego dí que esto está pasándonos dende o ano 99 e continúa, a cantidade que suma é importante, a 1 de xaneiro 656.000.-€ eu creo que a 31 de decembro.

A Secretaria responde que, haberá que ver qué impostos e que anos son e que se fixo para cobralos, si se intentou cobrar ou non.

D<sup>a</sup> Belén seguee di que, sinón, digamos o que interpreto é que a xente que está pagando tributos, co que lle pode costar ou non, se hai esta cantidade pendente de cobrar, entón todos os cidadáns por moito que nos empeñemos non son iguais nin o van ser.

A Alcadesa dí que esto xa ven atrasado dende fai tempo.

A Sra. Fanego engade que, non estamos falando de 1.000, 2.000, 5.000, 60.000€, bueno claro, xa sei que aquí como veñen dende o exercicio 1999 que entendo que meten todo pero é que hai algunhas cantidades significativas, ou sexa, a recadación está pasada á Diputación ou non,

A Secretaria responde que, o IBI, IAE e IVTM e o resto a executiva”.

D<sup>a</sup> Belén engade, entón non se fai nada para intentar recuperala porque sinón. ¿Podemos reclamar 4 anos no?.

A Sra. Gallo pregunta: “-¿4 ou 5?”.

A Secretaria dí que, tería que estudialo E tería que ver como está todo.

A Sra. Fanego engade que, na liquidación do estado de gastos a 31-12 hai





## Concello de Lourenzá

---

55.851€ sen pagar, pódennos explicar un pouco por qué están pendentes de pago.

A Secretaria explica que, está na liquidación, no desglose aparece, a maior parte ven de gastos de persoal, que debe de ser o pago pendente da Seguridade Social de Diciembre e despois o resto debe ser de algunha factura que está aprobada pero que quedou pendente de pago, na liquidación están os capítulos que ós que corresponden, debe ser presupuestarios e non presupuestarios.

O voceiro do PP, D. Roberto Díaz dí que, non teñen a Resolución da Alcaldía pero analizamos así algúns dos puntos.

A Secretaria manifesta que, no resumo de Resolucións estaría.

O Sr. Díaz continúa manifestando que, analizou a documentación que nos pasastes e estivemos mirando un pouquiño, donde tedes en gastos, por exemplo, en inversións reais, tiñais un presupuesto de sobre 630.000 €, executásteis 450.000€, no punto 6 en inversións reais, deixáronse de executar sobre 180.000.-€, non sei si é porque non houbo en qué invertilas ou por qué non se gastaron.

A Secretaria aclara: "En termos xerais, para parte deses gastos, fíxose unha incorporación de remanente, despois de aprobar a liquidación, con cargo á liquidación que son, as obras do PLAN ÚNICO do 23.

A Alcaldesa manifesta que si, é da Deputación do Plan Único e unha parte do AGADER son as inversións esas, basicamente.

O voceiro do PP engade: Pedirvos, a ver en alumeado público, porque tiñades presupuestado sobre 104.000€ e gastástedes 80.000€, entón quedan cousas por facer deixando 25.000€ de remanente. Outra tamén que vos temos que pedir que é da Administración General de Vivenda tiñais unhos presupostos de 340.000€ e executástes 70.000€.

A Secretaria indica que, é o ARI, son 200.000€ do ARI, eso é unha subvención do ARI que son con fondos "Next Generation."

*O Sr. Díaz segue: -" Outra que me chamou a atención foi a de Familias e Institucións e Fins sen ánimo de lucro 177.000€"*

A Secretaria respóndelle que tamen serían do ARI para as subvencións para





## Concello de Lourenzá

vivenda.

O Sr. Roberto indica: "-E outra que xa nolo contestáis da outra vez, o sea, en gastos de personal e gastos correntes (luz, auga..) gastasteis casi o 70% do presupuesto do Concello e despois gastastes 122.000€ en traballos realizados por empresas externas."

A Alcaldesa aclara que, en Servicios Sociais hai moito gasto e que agora coas actualizacións dos salarios máis aínda.

Don Roberto continúa manifestando que, había outra de Cultura, que me imaxino que será polo tema das Letras Galegas.

A Secretaria engade que, houbo un Convenio coa Deputación que nos deron 60.000€ .

O voceiro do PP, o Sr. Díaz engade: -"Ainda hai outra, a partida 150-148." A Secretaria dí: "Si, esas son as subvencións do ARI, son as que veñen de atrás que deben ser dos ingresos pendientes de aplicación, debe de ser todo da mesma".

D. Roberto dí: -" Ó final teremos que solicitar tamén o tema das partidas para saber ben de que son e poder. Aquí Inversión Reposición Infraestructuras y Bienes 132.000€, pagásteis 174.000€ e tedes un déficit de 42.000€"

A Secretaria responde que, eso vén do ano anterior.

D<sup>a</sup> Remedios Gallo pregunta: "-¿Vén do ano 2023?"

A Secretaria responde do ano 2022.

O Sr. Roberto manifesta: "-É un pouco analizar o que hai que, como dí Belén, polo que ven aquí só hai recadado o 75% do previsto, fáltannos casi 800.000€ de recaudar.

A Alcaldesa dí: "- O que está pendente de moitos anos atrás xa non se vai recaudar".

Don Roberto dí: "-Pero entón aínda nos faltan 600.000€."

A Secretaria engade que, aclarar que eso que vén do ano anterior é que o AGADER sempre colle 2 anos e ás veces o Plan Único tamén, son obras que van a un ano e a outro e ás veces unha anualidad vai ao ano seguinte.

Neste punto danse todos os grupos políticos por enterados.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL





## Concello de Lourenzá

### DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO ESTADO: 1.-TIPOS IMPOSITIVOS 2.- PMP 1º TRIMESTRE 2024 3.- EXECUCIÓN ORZAMENTARIA TRIMESTRAL 1º TRIMESTRE 2024.

Neste punto a Alcaldesa pasa a dar contada Información remitida ao Estado:

- 1.-Tipos impositivos ano 2022
- 2.-PMP 1º Trimestre 2024
- 3.-Execución Orzamentaria Trimestral 1º Trimestre 2024

Indica que todos os grupos políticos están en posesión de toda esta información e que o período medio de pago se sitúa en 32 días.

Neste punto danse todos os grupos políticos por enterados.

### DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O 11/01/2024 ATA O 30/04/2024.

Neste punto dase conta das Resolucións de Alcaldía das datas comprendidas entre o 11/01/2024 e o 30/04/2024 e dándose por enterados todos os grupos políticos.

### MOCIÓN DO BNG: MELLORA DA ESTRADA LU P 2801

A Sra. Alcaldesa pídelles á portavoz do BNG que de lectura.

A Portavoz do BNG pasa a dar lectura á moción:

“M.<sup>a</sup> Belén Fanego Barreira, concelleira do BNG no Concello de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta ao Pleno a seguinte MOCIÓN PARA A MELLORA DA ESTRADA LU P 2801

Lourenzá é un concello rural no que a actividade principal é a agrícola o sector gandeiro e o forestal, non contando na actualidade con industria de importe peso económico.

O sector gandeiro foi perdendo pouco a pouco a súa potencia e na agricultura hai unha puxanza importante no cultivo da faba da que hoxe en día podemos dicir que é un dos piares que moven a economía do concello.

A nosa rede viaria sofre os danos propios do paso do tempo a pesaros de ser reparada constantemente. O tráfico que soportaba fai anos pouco ten que ver co que soporta hoxe en día no que é constante o paso de todo tipo de vehículos e maquinaria cunha tonelaxe moi distinta a empregada fai uns anos.





## Concello de Lourenzá

---

A industria que se asenta atópase coa dificultade que supón o emprego destes camións de gran tonelaxe que ocupan boa parte da vía nos seus desprazamentos, e que en lugares puntuais dificulta e pon en perigo o resto de automóbiles que se cruzan con eles, mesmo a dos peóns posto que moitas delas carecen de beirarrúas.

Faise preciso buscar unha solución para a convivencia e a circulación con total seguridade entre peóns e os diferentes tipos de vehículos.

Isto non debe supoñer en modo algún querer poñerlle límites ao desenvolvemento industrial de Lourenzá, máis ben, ao contrario, queremos que as posibles empresas que se asentem non atopen estas dificultades que lles impidan medrar na súa actividade por mor dunhas infraestructuras viarias obsoletas.

Un exemplo disto é a estrada LU P 2801 que transcorre polas parroquias de Santo Tomé e Santo Adrao.

A estrada no seu trazado pola parroquia de Santo Tomé, presenta un paso estreito na denominada casa do Xamarego.

Foron varias as veces que os veciños demandaron eliminar ese tapón.

Polo tanto debemos impulsar novamente estas actuacións.

Esta Alcaldía xa comentou no seu momento que tiña contactado co propietario da vivenda e que estaba a favor do seu derrube, así como os técnicos competentes do Servizo de Vías e Obras da Deputación que viron viable eliminar dito tapón e completar a beirarrúa.

Isto non só melloraría as condicións, senón que incrementaría a seguridade dos viandantes.

Esta vía, na entrada de Santo Adrao non ten beirarrúas e o seu trazado a altural de A Bidueira fan moi difícil a circulación cando se cruzan neste traxecto un vehículo articulado con outro vehículo ou con un peón.

Actualmente a existencia dunha industria na zona fai que estes cruzamentos ocorran bastante a miúdo, e a poboación local, moita xente xa entrada en anos que empregan esta estrada a diario, teñen menores reflexos para certas manobras, ademais da falta de espazo para facelo con seguridade.

Por todo isto solicitamos ao Pleno da Corporación Municipal de Lourenzá o seguinte **Acordo**:

Instar a Deputación Provincial a facer un estudo o máis urxente posible para ver





## Concello de Lourenzá

de dar unha solución a estrada LU P 2801 ao seu paso por Lourenzá, de xeito que todos os usuarios poidamos convivir sin perigo aumentando a seguridade dos peóns e facendo máis doado o acceso de vehículos pesados a calquera industrial que queira instalarse na zona, pois trátase de poñer en valor o patrimonio e o desenvolvemento económico desta localidade fundamentalmente rural.

Estas actuacións servirán para atender as necesidades dos veciños, fixar poboación, e sobre todo para mellorar a súa calidade de vida cunhas infraestructuras viarias acordes ás necesidades de Lourenzá e dos concellos veciños de Riotorto ou a Pontenova, usuarios desta estrada, que tamén se beneficiarían con estas melloras.”

A Alcadesa manifesta: “Nós, evidentemente, coincidimos en que temos que convivir con toda esta actividade empresarial que hai neste caso e sí que é verdade que hai unha presenza de camións articulados que cada vez, está habendo máis, e é certo que a estrada en determinados puntos e moi estreita, e é algo que nós no seu momento iniciamos conversas con propietarios os que están dispostos a que esa mellora na estrada se leve a cabo. Nós xa iniciamos este trámite, dado que xa nos trasladaron diversas queixas veciñais e xa nos houbera gustado ter máis resolto pero tampouco depende unicamente da nosa parte. Isto vai ter que ser solucionado entre o Concello, Excma. Deputación Provincial e propietarios e sí que consideramos que é algo necesario porque estas cousiñas redundan no beneficio de todos os habitantes, polo que apoiamos esta Moción. Neste punto todos os grupos políticos: Bloque Nacionalista Galego, Partido Popular e Partido Socialista votan a favor desta moción acordando:

**PRIMEIRO:** Intentar chegar a un acordo entre Concello, Excma. Deputación Provincial e propietarios das fincas afectadas para as melloras na estrada LU P 2801.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo á Excma. Deputación Provincial de Lugo.”

### C) ROGOS E PREGUNTAS

#### **ROGO: ROGO DO BNG: COLOCACIÓN DE SINAIS E REPARACIÓNS VIARIAS**

M<sup>a</sup> Belén Fanego Barreira, concelleira do BNG no Concello de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta ao Pleno municipal os seguintes

ROGOS:





## Concello de Lourenzá

Rogamos que se repoña o sinal de STOP que se atopa caído na saída de Paraños e Adellao cara a estrada da Deputación que descorre entre San Xurxo e Arroxo. Rogamos recolocar os contedores de lixo na Avda. de Mondoñedo posto que se atopan no medio da zona adicada a estacionamento, o mesmo que ocorre nas inmediacións do bar Xiraldo en Santo Adrao. Poderíase colocar nun dos extremos do sitio habilitado para os coches, mesmo ampliando un pouco o espazo existente.

Tamén rogamos que se repinte de amarelo os bordes da beirarrúa no cruce entre Rego de Don Sancho e Bispo Villarroel posto que xa se ven pouco.

Lourenzá, 7 de maio de 2024.

A Alcaldesa pregunta si é antes da Casa de Vila.

D<sup>a</sup> Belén aclara: "-Xusto, si baixas de Paraños e Adellao... me imaxino que sería que anduveron sacando madeira, aparte de que como hai maleza tampouco se me ve moi ben ningún indicador."

A Alcaldesa pregunta: "-Os do Xiraldo tamén?"

A Sra. Fanego respóndelle: "- Os do Xiraldo están un pouco colocado non exactamente...xusto no medio que non che queda case nin... A ver, non digo quitálos sólo recolocalos un pouco porque están no medio das prazas de aparcamiento e si se poñen hacia os extremos desas prazas, queda máis libre."

### PREGUNTA: PREGUNTA DO BNG: VARIAS

A voceira do BNG procede á lectura da seguinte pregunta:

M<sup>a</sup> Belén Fanego Barreira, concelleira do BNG no Concello de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta ao Pleno municipal as seguintes

PREGUNTAS:

¿De cantas prazas está previsto que dispoña a área de autocaravanas?

¿Con cantos desfibriladores conta o Concello de Lourenzá en espazos públicos?

¿Hai algún cálculo do que vai custar actualizar os salarios dos traballadores tras a entrada en vigor da RPT?

¿Cantos postos de traballo deste Concello pasaron ou van pasar de persoal laboral a funcionario tras a aprobación da RPT e o posterior proceso de consolidación que se está a realizar?

Na Xunta de Goberno de 22 de marzo apróbase o expediente 66/2024 de Recoñecemento extraxudicial de crédito pola contía de 43.999,79 euros que







## Concello de Lourenzá

---

corresponden a facturas ou gastos de exercicios anteriores, sendo as facturas incluídas no código 7 por un importe de 5.963,08 euros e o restante importe 38.036,71 euros. ¿Pode detallar a que corresponde cada un e a que exercicios? Lourenzá, 7 de maio de 2024.

A Alcaldesa dí: " -"Leva 4 prazas máis a plataforma de servizo".

D<sup>a</sup> Belén pregunta: "-¿E con cantos desfibriladores conta?"

A alcaldesa respóndelle: "- Catro ou cinco; un no concello, un no multiusos, no cole, un no coche de protección civil e campo de fútbol, creo que é así. E na medida do posible, cando hai programas da Xunta de da Deputación pois sempre se van pedindo e sí que é verdá que habería que saber utilizalo, algún no Concello hai pero eu non o sei utilizar."

Ábrese debate que se transcribe a continuación:

D<sup>a</sup> Belén engade: "-Nos Centros de Saúde ofrecen ese servizo á cidadanía e seguro que algún se presta sen problema a impartilo.

Asimesmo a Sra. Fanego continúa: "-¿Hai algún cálculo do que van costar os traballadores trala RPT?"

A Sra. Alcaldesa responde: "-Non o teño exactamente claro pero aproximadamente un 20% da partida de gasto de persoanl, dous centos e pico mil ou así, non é exacta a cantidade pero máis ou menos.

A voceira do BNG segue: "- ¿Cantos pasan de laboral a funcionario?"

A Sra. Alcaldesa responde: "-5 de estabilización máis 3 de personal laboral fijo: Cultura, Deportes e Servizos Sociais, que están pendentes de funcionarización.

A Sra. Fanego continúa: "-Na Xunta de Goberno Local no expediente 66/2024 de Recoñecemento Extraordinario de Crédito"

A Alcaldesa dí: "-Sí, eran unhas facturas de decembro de 2023 de luz, había algunha de Servizos Sociais..ou si queres pedir unha copia dámosche unha copia sen problema".

D<sup>a</sup> Belén dí: "-O importe total restante de 30.000€ a qué corresponde? D<sup>a</sup> Rocío aclara que son esas ao que a voceira do BNG alega: "-Non, son outras".

A Secretaria engade, unhas están no código relación 7, por este importe por 5.000€ e as outras aprobáronse por separado todas e realmente non están metidas en ningún outro código. É como unha numeración de facturas que suman eso. Despois danlle unha copia, é todo o mesmo exercicio, son todas facturas do 2023.





## Concello de Lourenzá

### ROGO DO PP: INSTALACIÓNS TORREON

O voceiro do PP, le o seguinte ROGO:

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte ROGO

O estado actual das instalacións do Torreón mostran un total abandono do mesmo, en canto o deterioro que sofre dos anos e a necesidade de una reparación urxente en canto as humidades e paredes do mesmo, desde o PP de Lourenzá queremos incidir na desidia do goberno local, que sendo un edificio que foi cedido polo Obispado Mondoñedo/Ferrol, deberase conservar e procurar o seu mantemento, e alarmente ver o seu estado actual.


Acompañamos fotos





## Concello de Lourenzá

---



Cod. Validación: 66RVMXARFQHZYTSKSSSHEHAQSZ  
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 39

---

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá



Cod. Validación: 66RWXARFOHXYTKSSSHEHAOSZ  
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 20 a 39

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

---





## Concello de Lourenzá



Cod. Validación: 66RWXARFOHZYTKSSSHEHAQSZ  
Corrección: <https://concellolourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 39

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

---





## Concello de Lourenzá



Cod. Validación: 66RWXARF0HZYTKSSSHEHAOSZ  
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 39

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506








## Concello de Lourenzá

---





## Concello de Lourenzá



Cod. Validación: 66RWXARF0H7YTSKSSSHEHAOSZ  
Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 26 a 39

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá



O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 12 de maio de 2024.

Don Roberto continúa: -"Temos unhas fotos que nos pasaron".

A Alcadesa comenta: "-Estamos tratando o tema pero non é un tema sinxelo de arreglar, en dous días arreglar esto.."

O Sr. Díaz engade: "-Haberá que ir arreglando, facendo mantemento.."

A Alcadesa continúa: "-Estivemos mirando con persoal responsable do Obispado e que era a propia cuberta que presionaba e facía forza e que por eso dilatava.

Nós estamos pendentes de poñer unhas testigos de cemento para medir si sigue





## Concello de Lourenzá

---

agrietando ou non e de momento non se nota que siga abrindo. Pero vamos poñer outros testigos, incluso que levan como unha regra para seguir con unha medición máis precisa”.

Don Manuel Arango engade: “-Si o da restauración saíse adiante sería unha oportunidade para tirar por esto tamén.”

### ROGO DO PP: CARRETERA CAZOLGA

Don Roberto Díaz, le o seguinte ROGO:

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte ROGO

Fai uns días, na carretara que vai da cazolga a vilanova, na curva que hai xusto despois da casa de limpezas Lema, a man espequeda cortouse un monte; quedando un barranco bastante alto e moi perigoso, xa que a carretera non dispón de gardarail protector para posibles saídas de vía.

Sería convinte a colocación de ditos gardarais, para evitar posibles desgracias

Acompañamos foto





## Concello de Lourenzá

---





## Concello de Lourenzá

---



O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 12 de maio de 2024. A Alcaldesa dí que se toma nota e que si que é moi necesario que se fora alí e se comprobara in situ e recoñece que é moi perigoso.

<b>PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: BASES PAI</b>
--

O voceiro do PP le a pregunta:

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA

Debido a grande demanda de prazas que hai neste concello para entrar no PAI (Punto de Atención á Infancia)

¿Quixéramos cales son as bases para ter acceso a dita praza?

Lourenzá, a 12 de maio de 2024.

A Alcaldesa dí: "-Con respecto ás bases podemosvos dar unha copia e con





## Concello de Lourenzá

---

respecto da gran demanda, si é certo e aquí temos sorte de que haxa nenos e usuarios, xa que noutros concellos é totalmente ó revés pero actualmente.. a ver.. Número de prazas, actualmente son 20, desas 20 hai 1 que está reservada a situacións de emerxencia social que alguén o poida necesitar nunha determinada circunstancia ou cousas así. Entón, de cara ó ano 2024-2025, sería agora digamos este novo ano que, bueno, temos por diante, que vai empezar. Deses 19, dos 19 nenos que hai agora mesmo, 9 correspóndelles marchar para o cole, co cal quedarían 10 prazas, bueno 9 prazas digamos libres, das cales temos en lista de espera xa 7 persoas, entón desas 10 xa hai 7 esperando, estarían 7 e quedarían 3 libres.”

D<sup>a</sup> Sandra dí: “-¿Anotados do ano pasado?”

A Alcaldesa aclara: “-Desde que nace o neno te rexistras e te anotas. Tamén se chamou a xente que o ano pasado non obtivo praza na guardería e quedou en lista de espera e tivo que ir a outro centro e dixeron que non.

A Sra. Maradona pregunta: “-¿Aquí só se toma como base a data de nacemento nada máis, é dicir, según van nacemento si se apuntan..?”

A Sra. Gallo engade: “-¿Hai un baremo, non, un baremo de puntos por nacemento, empadronamento..?”

A Alcaldesa enumera a documentación que hai que presentar e dí: “- Podrán solicitar praza no PAI dependente do Concello os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos.

As solicitudes de novo ingreso facilítanse no PAI e presentaranse directamente no mesmo Centro debendo achegar xunto coas solicitudes a seguinte documentación:

- A documentación xustificativa da situación familiar.
- O libro de familia.
- Copia do DNI ou Pasaporte dos pais, nais ou titores.
- Documentación complementaria.
- Fotocopia do carné das vacinacións.
- Fotocopia tarxeta Seguridade Social.
- 4 fotos.
- Autorización para a persoa que poida recoller os nenos.
- Autorización imaxe persoal.
- Informe dos pais en caso de que o menor manifeste algún tipo de alerxia, etc.





## Concello de Lourenzá

---

D<sup>a</sup> Remedios pregunta: “-¿Pero a prioridade de ser de aquí ou empadronado aquí, ou que os pais traballen..? ¿Esa non existe, non?”

A Alcaldesa engade: “-A concesión do ingreso quedará sempre supeditada ao número de prazas vacantes comenzando polas solicitudes presentadas en primeiro lugar.

As prazas adxudicaranse no seguinte orde:

- Renovación de praza, os nenos escolarizados no curso anterior terán praza no ano seguinte.

-As persoas usuarias só poderán modificar o horario establecido na solicitude de haber prazas vacantes no horario solicitado.

-Novo ingreso:

1.-Os fillos do personal que preste servizo no PAI sempre e cando soliciten no Centro que se preste servizo, o pai, nai, ou titor legal.

2.-As persoas solicitantes con irmán ou irmá con praza xa no Centro.

3.- A selección do resto de solicitudes farase en función da data de presentación de ditas solicitudes.

4.-Cando un irmán do solicitante teña praza renovada no Centro, será admitido automaticamente sempre que exista vacante.”

A voceira do BNG, D<sup>a</sup> Belén Fanego indica: “-Igual se podía modificar nun momento dado que tivesen prioridade os do Concello?”

A Alcaldesa aclara: “-De cara a este curso non se lles van modificar as regras de xogo e modificar a lista de agarda. De cara ao ano que vén, si, podemos traballar e cambiar algún..”

D<sup>a</sup> Remedio dí: “En Coruña tiven os meus e pedíache estar empadronado e pedíanche porque algunhas eran medio subvencionadas e tamén pagabas algo e tal..e declaración da renda iba en función deso tamén porque ás veces a xente..un soldo alto iba en detrimento dun soldo máis baixo.”

O Sr. Arango manifesta: “-Entón sería practicamente imposible conseguir praza na pública”.

D<sup>a</sup> Remedios dí: “É que eu nunca a conseguín. Pero algunha prioridade ten que haber sempre. Os horarios da guardería, ¿Antes había horario de tarde?”

A Alcaldesa comenta: “-Cando eu entrei era hasta cerca das 8 pero eso se pacta sempre cos pais. Sempre se fai unha reunión cos usuarios e les alí van decindo o horario que necesitan. E si houbera moitos pais que necesitasen ese servizo ata







## Concello de Lourenzá

esas horas se miraría, pero por un neno non vai a estar aberto ata as 6 da tarde pero sempre se lles dice e sempre se lles expón, e cada un fai a súa exposición de horario.

Non habendo máis asuntos, pechamos a sesión.”

### PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: BAR TORREON

O voceiro do PP, lee a seguinte pregunta:

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que se celebre a Corporación Municipal, a seguinte PREGUNTA

Sendo o bar o Torreón un centro de servizos sociais non sería máis axeitado que procurara o abastecemento de prioridades para os peregrinos e turistas ante a falta de restaurantes abertos nesta localidade sobre todo os fines de semana?

1. ¿De qué tipo de licenza dispón na actualidade?
2. ¿Que aluguer ten na actualidade?
3. A cesión e continua ou está pendente de concurso?

O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 12 de maio de 2024.

O Sr. Roberto dí que se lle traslado esto porque lles preguntaron.

A Alcaldesa responde: “-Agora está pendente de concurso porque nese proceso acabousenos o Convenio que tiñamos co Obispado, firmamos outro Convenio e estamos un pouco ahí nesa situación, o tipo de licencia que tiña era o que se lle deu no seu día que era de bar-cafetería e o aluguer que tivo sempre eran 450€ ao trimestre, unhos 1800€ ao ano e a maiores pagaba a metade da luz do que é o Torreón, do que se gasta no Torreón paga a metade porque alí non é independente, entonces asume a metade, a metade él e a metade o Concello.

O Sr. Díaz dí: “-¿Entón está sen licencia?”

A voceira do BNG, D<sup>a</sup> Belén dí: “-Creo recordar que na Comisión de Cuentas do ano pasado estaba igual ilegal”.

D<sup>a</sup> Remedios Gallo dí: “-Que non estaba regularizado”.

A Sra. Fanego e o Sr. Roberto dín: “-Nós queremos que teña aberto pero no suposto de que pase algo..e despois de un ano sen regularizar a situación pois.

O voceiro do PP engade: “-Que non lle vamos decir ao gerente o que temos que





## Concello de Lourenzá

facer pero termos unha problemática sobre todo os fins de semana.

Ábrese debate e o Sr. Roberto insiste: “- A un bar privado non se lle vai decidir pero un Centro de Servizos Sociais, o Concello pode poñer as condicións porque o fin de semana non hai donde comer a xente que vén. Pero este é un caso especial e despois a xente collerao ou non o collerá con esas condicións.”

A concelleira do PP, D<sup>a</sup> Remedios engade: “-Se trata só polo privilexio que ten ese local e terá que ofrecer a cambio de algo, a favor do Concello, polo ben dos turistas, dos peregrinos, non sei, algo.. Unha suxerencia, non é unha obrigación, pero por eses privilexios que ten..”

A Concelleira do PP, a Sra. Maradona pregunta: “¿E cando caduca?”

A Sra. Fanego o a Sra. Gallo respóndenlle: “-Xa caducou, xa leva máis de un ano caducado”

A Alcaldesa aclara: “-Nós trasladáramosllo incluso ao Obispado e o Obispado decía que igual debíamos facer un alquiler pero eu tampouco o sei exactamente, é dicir que o temos que mirar. Decía que quizais incluso en vez de licitar un concurso facer directamente un alquiler pero non sei ata que punto desde o Concello..”

D<sup>a</sup> Remedios dí: “-É que a responsabilidade civil é dese bar, é do Concello, por eso o tema é grave en ese sentido eh.. o final non sei si fai a renovación de ano en ano ou.. co Obispado”.

A Alcaldesa dille: “-Sí, tíñamos un convenio anual pero é prorrogable por..”

Estamos pendentes porque mentras non se aclara todo, o Obispado tampouco non se mete moito..A ver que pasa con eso.”

### PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: SUBVENCIONS ASOCIACIÓNS

O Sr. Roberto, voceiro do PP, le a seguinte pregunta:

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA

Seguimos con cobros pendentes, en este caso o pago de subvencións a varias asociacións do concello dende febreiro do 2023, unha vez máis dende o equipo de goberno poñen como excusa a figura da secretaria. Se realmente é así, lles pediríamos que mantiveran unha reunión de traballo coa secretaria para aclaran





## Concello de Lourenzá

---

tódolos asuntos que según vostedes non está facendo en forma e prazo; porque o que non nos serve é que poñan como desculpa ante os veciños sempre o mesmo.

Os membros da asociación e os veciños o que necesitan son solucións, porque se trata de diñeiro que lles corresponden e son deles. Despois de máis de un ano, seguen sen saber cando cobralas.

A que se deben estes atrasos e cando pensan facer efectivos estos pagos?

Lourenzá, a 12 de maio de 2024.

A Alcaldesa dí: "-Con respecto a esto, é certo e coincido, evidentemente, que os veciños o que necesitan é axudas, de feito, por eso no seu día optamos por crear esta línea de subvencións para axudar precisamente a que poidesen facer actividades dun xeito máis fácil.. Con respecto a estas subvencións, é unha cousa similar ao que pasa coa subvención pendiente do colexio, é decir, non é que intervención paralice, é que intervención require unha serie de documentación, esa documentación se lles pediu ás asociacións e había certas asociacións que lles faltaban certos papeles por presentar, de feito, unha creo que era a vosa (dirixíndose a D<sup>a</sup> Remedios Gallo) que creo que aínda vos requerimos en febreiro e por eso se foi o proceso atrasando un pouco.

A voceira do BNG pregunta: :"-¿Pero había un prazo, non?" A Secretaria indica que eso era deportes.

A Sra. Gallo indica: -"Tamén neste caso se esperou"

O Sr. Arango dí: -"Esperouse voluntariamente porque se perdía o dereito á subvención"

D<sup>a</sup> Remedios engade: "-Hai unha cousa na que si discrepo no tema da subvención, é que por exemplo hai unha casilla na que pos que poden acceder, tanto a mirar o da Axencia Tributaria..e todo eso, no? A nós por exemplo, a Asociación Patrimonio Laurentino nos faltaba porque é unha Asociación sen ánimo de lucro, non contratamos a naide..e nos faltaba ese acceso que nos deu moito que facer porque ó non ter a naide nunca dado de alta, nin nós..Entón a Admnsitración propiamente tamén o pode facer.

A Secretaria aclara: "-É que aquí non sei como está moi ben, normalmente hai unhos convenios firmados coa Axencia Tributaria e o Concello pode acceder a esa documentación, pero eu non sei como está aquí".

Don Manuel Arango engade: -" Intentaremos modificar as bases, pero houbo





## Concello de Lourenzá

asociacións que o presentaron en prazo sen ningún problema.”

D<sup>a</sup> Sandra manifesta: “-Si, houbo unha asociación que presentou todo no prazo e aínda non cobrou” O Sr. Arango respóndelle que van todas á vez.

D<sup>a</sup> Remedios Gallo indica: “-A día de hoxe están todas coa documentación presentada e están esperando”

A Secretaria dí: “- Onte, cando chegou esta pregunta, pasaron o expediente” Neste punto acórdase intentar pagar un a un sen ter que ser en conxunto.

### PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: CAMPAMENTOS VERAN E NADAL

O Sr. Roberto le a seguinte pregunta:

Roberto Díaza Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA

Con relación ós campamentos de verán e do Nadal, nos fixeron chegar unha información que si é certa nos parece unha falta de seriedade e formalidade por parte do equipo de goberno.

Quixéramos saber se están ó día os pagos dos campamentos de verán e máis do nadal na súa totalidade.

Tamén nos gustaría sabe se no campamento que van organizar este verán, van dispoñer do servizo de madrugadores.

Lourenzá, a 12 de maio de 2024.

A Alcaldesa manifesta: “-Con respecto a esto, non sei quen vos pasou a información, desconozco si foi a empresa ou quen foi, a empresa non presentou aínda factura por esa parte e acordouse verbalmente que se iba a presentar despois, sí que é certo que había ahí unha parte, pero non é que esteña ahí a factura presentada e teña ahí esperando sin que nós accedamos ao pago nin nada deso.

D<sup>a</sup> Sandra engade: “-No de verán porque no de Nadal dixéronnos que estaba ao 100%, no de Nadal habíalo comentado da outra vez (referíndose á Alcaldesa) que había unha parte e do verán o 100% sen pagar.”

A Alcaldesa engade: “- E despois con respecto ao de madrugadores e o dos horarios e todo eso vai ser coma o ano pasado, é decir, se vai dar cobertura a..igual qu se deu no campamento do ano pasado, esa é a idea”





## Concello de Lourenzá

A Sra. Gallo pregunta: “-¿Pero como actividade propia do Concello de madrugadores ou a través da ANPA?”

A Alcaldesa acláralle: “-No, no, a través do que o campamento, o campamento vai facelo o Concello”

Dª Remedios dí: “- ¿E madrugadores tamén o Concello?”

A Alcaldesa responde que si.

Dª Remedios Gallo dí: “-É que confúndome un pouco”.

A Alcaldesa engade: “-Si, e que creo que o ano pasado se fixera a través da ANPA. Si, agora madrugadores lévao a ANPA”

A Sra. Gallo manifesta: “-É que no programa electoral levádelo como actividade propia”. Ao que a Alcaldesa puntualiza que si pero que como a ANPA pediu a subvención á Xunta, aproveitaran para metelo por ahí.

Dª Remedios dí: “- É que non o tiña claro porque no programa electoral poñíades que madrugadores o levaba o Concello e por outro lado, a ANPA decía que o facían eles, entónces teño un lío.”

Finalmente a Alcaldesa indica que agora o servizo de madrugadores o leva a ANPA.

### PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: PISTAS FORESTAIS

O voceiro do PP dí que vai ler exemplos que lles trasladan na seguinte pregunta:

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa respostano vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA

Os veciños de Lourenzá están fartos do abandono do goberno do noso concello en materia de acondicionamento das pistas forestais; por como nos trasladan por non dicir case tódalas pistas forestais do concello, podemos poñer como exemplos específicos:

1. Pista desde dende a Veiga ó Camiño Real en Canedo.
2. Pista desde a casa de Mola hasta o Camiño Real.
3. A do monte de Pedrouzoa a pista que egue desde o monte de Diego (centeno) e baixa hasta Alaxe.

A que se debe este abandono e cando pensan darlle unha solución, tanto as pistas citadas anteriormente como as do resto do concello; xa que nos consta





## Concello de Lourenzá

---

que varios veciños xa lle lo fixeron saber en reiteradas ocasións.

Lourenzá, 12 de maio de 2024.

Rocío dí: “-Nós, cada ano dentro do Plan de Incendiuos elabórase un Plan de Accións Preventivas e dentro dese Plan de Accións Preventivas foi orientado en plan mecanizado con tractor pero evidentemente non se meten todas as pistas, pero cada ano vanse metendo unhas cuantas de diferentes parroquias.

Ese Plan de Accións Preventivas que o elaboramos nós co Forestal de zona, creo que a que vai desde a nave de Sefo, creo que está metida pero non me atrevo a decilo con seguridade, decir que hai un montón delas metidas pero éstas tamén intentaremos ir meténdoas, así que cando nos trasladen así algunha pois.. agradécese..

Dª Sandra dí: “-Que en algunhas delas que non pasa un tractor que hai que levar unha pala”.

A Alcaldesa respóndelle: “-Non é cuestión de maleza, é cuestión de firme logo, pero vamos que de desbroce cada ano métese unha partida delas, vamos. Creo que a de Mola hasta o Camiño Real está tamén”

### PREGUNTA:PREGUNTA DO PP: COLEXIO JUAN REY

O voceiro do PP le a seguinte pregunta:

Roberto Díaz Expósito , na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA

Respecto o colexio Juan Rey siguen pendentes de cobrar dende febreiro do ano 2023 “hai máis dun ano”, os libros dos nenos que ivan aportar dende o concello.Parece ser que vostedes poñen como escusa que a secretaria vai moi retrasada poñéndose ó día e por ese motivo seguen pendentes de cobrar.

O partido popular de Lourenzá non lle preocupa si é culpa da secretaria, nin se é do equipo de goberno, o que si lle importa é porque a estas alturas do ano 2024 está pendente de pago esa debeda co colexio.

Lourenzá, a 12 de maio de 2024.

A Alcaldesa dí: “-Con respecto a esto, aclarar que, primeiro, o Concello non ten obrigación, xa que é competencia da Consellería de Educación pagar os libros de texto, pero no seu momento nós nos comprometemos a financiarlos para que





## Concello de Lourenzá

---

todos os nenos tiveran acceso a eses libros de xeito gratuíto e para que ningunha familia quedara sen eles, creo que é unha forma de axudar pero bueno, eso sólo é unha puntualización.

E con respecto a esa subvención que teñen pendientes de cobrar se lles requeriu documentación en varias ocasións que faltaba que tiñan que presentar, non é que seña culpa da secretaria, sí é certo que Intervención antes de proceder á xustificación e ao pago, examina a documentación e faltaba, e nese caso se lles requeriu varias veces, creo que a última foi en xaneiro ou febreiro deste ano.”.

D<sup>a</sup> Sandra dí: “-Según eles está todo entregado en prazo” ao que a Secretaria e Alcaldesa responden que non.

A Alcaldesa engade: “-Podedes decir que digo eu que non e que non estaba entregada en prazo”

A Secretaria aclara: “-Nós aprobamos o orzamento en novembro e ahí iba unha subvención nominativa para a petición que fixeron, eu falara coas das oficiñas do Concello para que solicitaran a documentación e a documentación chegou aquí en xaneiro e entón a partir de ahí decidiuse que coa aprobación do orzamento de este ano se metería, porque é nominativa, é un convenio específico, non é unha subvención por concurrencia ”

O Sr. Arango, concelleiro do PSOE aclara: “-Esto todo xa llo expliquei eu á secretaria do colexio”.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

